



Proceso selectivo para o ingreso como persoal laboral fixo da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia pola quenda de acceso libre.

Categoría: Técnico/a Iluminación

Primeiro exercicio

Opción: Galego

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique
--

1.- Segundo o establecido no artigo 15 da Constitución Española, que se determina con respecto da pena de morte:

- a) Queda abolida, salvo o que poidan dispor as leis orgánicas para tempos de guerra.
- b) Queda abolida, salvo o que poidan dispor as leis penais militares para tempos de guerra.
- c) Queda abolida en todo caso sen que poida existir ningunha excepción.
- d) Permitirase con carácter xeral no ámbito penal militar.

2.- Segundo o establecido no artigo 22 da Constitución Española, as asociacións que persigan fines ou utilicen medios tipificados como delito:

- a) Son ilegais.
- b) Están permitidas cando non atenten contra dereitos fundamentais.
- c) Poden autorizarse por Lei Orgánica.
- d) Son nulas.

3.- Segundo o establecido no artigo 27 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, que competencia ostenta a Comunidade Autónoma de Galicia con respecto da ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda:

- a) De desenvolvemento lexislativo.
- b) De execución da lexislación estatal.
- c) Exclusiva.
- d) Compartida.

4.- Segundo o establecido no artigo 35 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia poderá establecer acordos de cooperación con outras comunidades autónomas, previa autorización:

- a) Das Cortes Xerais.
- b) Do Parlamento de Galicia.
- c) Do Goberno do Estado.
- d) Da Conferencia Sectorial correspondente.

5.- Segundo o establecido no artigo 2 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral da comunicación audiovisual, o servizo de comunicación audiovisual cuxa recepción se realiza sen contraprestación por parte do usuario denomínase:

- a) Servizo de comunicación audiovisual de acceso condicional.
- b) Servizo de comunicación audiovisual televisivo o radiofónico comunitario sen ánimo de lucro.
- c) Servizo de comunicación audiovisual en aberto.
- d) Servizo de comunicación audiovisual sonoro a petición.

6.- Segundo o establecido no artigo 7 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral da comunicación audiovisual, a comunicación audiovisual favorecerá con respecto das persoas con discapacidade:

- a) Unha imaxe axustada.
- b) Unha imaxe apreciativa.
- c) Unha imaxe inclusiva.
- d) Todas as respostas son correctas.

7.- Segundo o establecido no artigo 7 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, os medios públicos de titularidade da CA de Galicia producirán os seus programas, contidos e servizos:

- a) Unicamente en lingua galega, sen excepcións.
- b) En lingua galega e castelá indistintamente por ser as dúas linguas oficiais da CA.
- c) En lingua galega, podendo utilizar outras linguas cando así o xustifique a finalidade de dar a coñecer a identidade cultural de Galicia fóra do territorio da comunidade autónoma, en cumprimento da misión de servizo público.
- d) En lingua galega, coa única excepción da utilización de linguas doutras comunidades autónomas que teñan idioma propio cando así o xustifique o cumprimento da misión de servizo público.

8.- Segundo o establecido no artigo 23 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, son órganos de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia:

- a) Consello de Dirección e Dirección Xeral.
- b) Dirección Xeral e Consello Asesor de Participación Social e Profesional.
- c) Consello de Administración e Xerencia.
- d) Consello de Administración e Dirección Xeral.

9.- Segundo o artigo 5 do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, observar as medidas de prevención de riscos laborais que se adopten:

- a) É un deber básico dos traballadores.
- b) É un deber básico dos empresarios.
- c) É un deber básico dos traballadores e dos empresarios.
- d) É un deber básico dos servizos de prevención.

10.- Segundo o artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, os preceptos regulamentarios que dean lugar no emprego a situacións de discriminación directa ou indirecta desfavorables por razón de idade:

- a) Serán impugnables na orde contencioso administrativa.
- b) Serán obxecto de negociación colectiva.
- c) Serán obxecto de ratificación vía convenio colectivo.
- d) Entenderanse nulos e sen efecto.

11.- Segundo o artigo 3.3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, nos centros e establecementos militares:

- a) Non será de aplicación a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.
- b) Será de aplicación o disposto na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, coas particularidades previstas na súa normativa específica.
- c) Adaptaranse á Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, aquelas actividades cuxas características xustifiquen unha regulación especial.
- d) Será de aplicación a Lei 32/1995, do 9 de novembro, de prevención de riscos laborais nos centros e establecementos militares.

12.- Segundo o artigo 15.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o empresario tomará en consideración as capacidades profesionais dos traballadores en materia de seguridade e de saúde:

- a) No momento de contratar aos traballadores.
- b) No momento de encomendarlles as tarefas.
- c) No momento da sinatura do contrato de traballo.
- d) No momento de realizar á avaliación do desempeño.

13.- Segundo o establecido no artigo 32 do Convenio Colectivo da Corporación, cal das seguintes NON é unha competencia da Comisión da Xestión das listaxes de Contratación:

- a) Vixiar os procesos de baremación das listaxes temporais.
- b) Vixiar e coñecer todo o que atinxe á xestión das listaxes temporais.
- c) Resolver os supostos de exclusión ou inclusión das listaxes de contratación temporal.
- d) Convocar os procesos de ampliación das listaxes de contratación temporal.

14.- Segundo o establecido no artigo 39 do Convenio Colectivo da Corporación cada persoa traballadora poderá ser obrigada a traballar ata un máximo de:

- a) 5 festivos anuais.
- b) 6 festivos anuais.
- c) 7 festivos anuais.
- d) 8 festivos anuais.

15.- Segundo o primeiro parágrafo do artigo 10 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas, os que accedan por calquera título a un novo posto do sector público que conforme esta Lei resulte incompatible co que viñesen desempeñando haberán de optar por un deles dentro do prazo:

- a) De quince días desde que accedan ao novo posto.
- b) De toma de posesión.
- c) Dos tres primeiros días do prazo de toma de posesión.
- d) Dos cinco primeiros días do prazo de toma de posesión.

16.- Segundo o artigo 13 Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas, non poderá recoñecerse compatibilidade algunha para actividades privadas a quen se lle autorizou a compatibilidade para un segundo posto ou actividade públicos, sempre que a suma de xornadas de ambos sexa:

- a) Igual ou superior á máxima nas Administracións Públicas, salvo autorización expresa.
- b) Igual ou superior á máxima establecida para o sector privado.
- c) Igual ou superior á máxima nas Administracións Públicas.
- d) Igual ou superior á máxima establecida para o sector privado, salvo autorización expresa.

17.- Segundo o artigo 3 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, as persoas vinculadas ao falecido por razóns familiares ou de feito así como os seus herdeiros poderán dirixirse ao responsable ou encargado do tratamento ao obxecto de solicitar:

- a) Exclusivamente o acceso aos datos privados do falecido.
- b) Exclusivamente a rectificación dos datos do falecido.
- c) Exclusivamente a supresión dos datos do falecido.
- d) O acceso aos datos persoais do falecido e, no seu caso, a súa rectificación ou supresión.

18.- Segundo o artigo 12.6 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os titulares da patria potestade poderán exercer os dereitos de acceso, en nome e representación:

- a) Dos menores de quince anos.
- b) Dos menores de catorce anos.
- c) Dos menores de dezaseis anos.
- d) Dos menores de dezoito anos.

19.- Segundo o artigo 5.2 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a protección das vítimas de violencia de xénero:

- a) É un obxectivo lexítimo que podería xustificar a atribución ás mulleres das actividades profesionais de atención directa a esas vítimas.
- b) É un obxectivo lexítimo que podería xustificar a atribución ás mulleres das actividades profesionais de atención indirecta a esas vítimas.
- c) É un obxectivo lexítimo que podería xustificar a atribución aos homes das actividades profesionais de atención directa a esas vítimas.
- d) É un obxectivo lexítimo que podería xustificar a atribución aos homes das actividades profesionais de atención indirecta a esas vítimas.

20.- Segundo o artigo 7 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, de acordo co disposto no artigo 8 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, todo trato desfavorable ás mulleres relacionado co embarazo ou a maternidade:

- a) Constitúe discriminación indirecta por razón de sexo.
- b) Constitúe discriminación directa por razón de sexo.
- c) Constitúe discriminación sexista por asociación.
- d) Constitúe discriminación sexista por erro.

21.- Segundo o artigo 31 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, o uso non sexista da linguaxe consiste:

- a) Na utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras que invisibilizan un xénero ou que o sitúan nun plano secundario respecto doutro xénero.
- b) Na utilización de expresións lingüisticamente correctas ou non, substitutivas doutras que invisibilizan un xénero ou que o sitúan nun plano secundario respecto doutro xénero.
- c) Na utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras que invisibilizan o feminino ou que o sitúan nun plano secundario respecto ao masculino.
- d) Na utilización de expresións lingüisticamente correctas ou non, substitutivas doutras que invisibilizan o feminino ou que o sitúan nun plano secundario respecto ao masculino.

22.- Que fenómeno físico describe o cambio de dirección que experimenta un raio luminoso ao pasar dun medio a outro?

- a) A difracción da onda ao chocar contra un obstáculo.
- b) A reflexión da enerxía sobre unha superficie pulida.
- c) A refracción da luz debido á variación de velocidade.
- d) A absorción dos fotóns pola estrutura molecular.

23.- En que consiste formalmente a difracción da luz cando atravesamos unha fenda extremadamente estreita?

- a) No cambio de velocidade ao penetrar nun corpo transparente.
- b) Na separación das lonxitudes de onda en cores puras.
- c) Na desviación e dispersión da onda ao bordear un obstáculo.
- d) Na perda de intensidade debido ao rozamento co aire.

24.- Como se define a relación entre dúas cores consideradas "complementarias" no círculo cromático aditivo?

- a) Son cores contiguas que comparten a mesma lonxitude de onda dominante.
- b) Son cores opostas que ao mesturarse producen unha luz branca neutra.
- c) Son cores análogas que se xeran mediante a mesma base de pigmento.
- d) Son cores cálidas que aumentan a sensibilidade dos bastóns oculares.

25.- Cal é o rango aproximado de lonxitudes de onda que compoñen o espectro visible polo ollo humano medio?

- a) Entre os 100 e os 300 nanómetros de lonxitude.
- b) Entre os 380 e os 750 nanómetros de lonxitude.
- c) Entre os 800 e os 1200 nanómetros de lonxitude.
- d) Entre os 1500 e os 3000 nanómetros de lonxitude.

26.- Que fotorreceptores da retina humana son os responsables principais da visión cromática en condicións fotópicas?

- a) Os conos, concentrados de forma maioritaria na fóvea.
- b) Os bastóns, distribuídos de forma homoxénea na córnea.
- c) Os axóns, localizados de forma exclusiva no nervio óptico.
- d) Os cristais, situados de forma permanente no humor vítreo.

27.- En que consiste o fenómeno da visión escotópica dentro do sistema de percepción humano?

- a) Na percepción da cor baixo fontes de iluminación artificial intensa.
- b) Na acomodación do cristalino para enfocar obxectos a distancias curtas.
- c) Na visión monocromática mediada por bastóns en contornas de baixa luz.
- d) Na corrección automática das aberracións ópticas do globo ocular.

28.- Dentro da ciencia da colorimetría, ¿como se define formalmente o concepto físico de "matiz" ou "hue"?

- a) Como a cantidade de enerxía luminosa que reflicte unha superficie concreta.
- b) Como o grao de pureza cromática respecto a unha mostra de branco puro.
- c) Como a resistencia dun pigmento a desvanecerse ante a radiación ultravioleta.
- d) Como a cualidade que identifica a cor segundo a súa lonxitude de onda.

29.- Na caracterización fotométrica de luminarias mediante o uso de matrices de intensidade luminosa (ficheiros IES/EULUMDAT), analízanse as curvas de distribución fotométrica e os diagramas polares. Que magnitude fotométrica intrínseca da fonte se está representando vectorialmente nos ditos diagramas en función dos ángulos polares e acimutais, independentemente da distancia de medición?

- a) Representase o fluxo luminoso emitido por unidade de superficie proxectada.
- b) Representase o fluxo luminoso recibido por unidade de superficie exposta.
- c) Representase o fluxo luminoso emitido por unidade de ángulo sólido.
- d) Representase o fluxo luminoso emitido por unidade de tempo absoluto.

30.- Ao configurar a relación de iluminación nun set utilizando a proporción entre a luz clave máis a luz de recheo fronte á luz de recheo soa ([Key + Fill] : Fill), búscase establecer o contraste da escena. Se se require unha relación de contraste exacta de 4:1 en termos de exposición fotométrica, cal debe ser a diferenza real en pasos de diafragma (f-stops) entre ambos os dous valores medidos co luxómetro?

- a) A diferenza real debe ser exactamente dun paso de diafragma.
- b) A diferenza real debe ser exactamente de dous pasos de diafragma.
- c) A diferenza real debe ser exactamente de tres pasos de diafragma.
- d) A diferenza real debe ser exactamente de catro pasos de diafragma.

31.- O uso de lupas de contraste (filtros de densidade neutra visual ou filtros de contraste para branco e negro/color) é común entre os directores de fotografía durante o proceso de deseño de iluminación. Cal é a función técnico-óptica primordial que cumpren estes elementos cando o profesional observa a escena a través deles?

- a) A súa función é neutralizar as dominantes de cor da luz.
- b) A súa función é expandir o rango dinámico da visión humana.
- c) A súa función é comprimir o rango dinámico da visión humana.
- d) A súa función é alterar a temperatura de cor da luz.

32.- Os espectros de emisión divídense fundamentalmente en continuos e descontinuos (ou de liñas). Ao analizar unha lámpada incandescente de tungsteno-halóxena fronte a unha lámpada de descarga de vapor de mercurio de baixa presión mediante un espectrómetro, cal é a causa física da continuidade espectral da primeira?

- a) A axitación térmica dos electróns libres no filamento sólido.
- b) A transición electrónica entre os niveis cuánticos discretos do gas.
- c) A recombinación iónica dentro do plasma a alta presión molecular.
- d) A radiación por luminiscencia dos átomos excitados no baleiro.

33.- Nun proxecto de iluminación arquitectónica exterior, calcúlase o fluxo luminoso total que emite un proxector LED de haz asimétrico. Se o fabricante especifica que a luminaria xera un fluxo de 4500 lúmenes útiles, que mide exactamente este valor físico en termos da percepción do ollo humano estándar?

- a) Mide a enerxía radiante emitida por segundo ponderada pola curva de absorción celular.
- b) Mide a enerxía radiante emitida por segundo ponderada pola curva de reflectancia atmosférica.
- c) Mide a enerxía radiante emitida por segundo ponderada pola curva de sensibilidade fotópica.
- d) Mide a enerxía radiante emitida por segundo ponderada pola curva de interferencia electromagnética.

34.- Deséxase determinar a luminancia dunha pantalla de cine mediante o uso dun fotómetro de luz de lectura reflectida. Se o instrumento rexistra un valor específico en candelas por metro cadrado (cd/m^2), que concepto xeométrico e físico define propiamente a esta unidade de medida no Sistema Internacional?

- a) Define a cantidade de fluxo luminoso por unidade de ángulo sólido cilíndrico.
- b) Define a cantidade de iluminancia recibida por unidade de superficie esférica.
- c) Define a intensidade luminosa emitida por unidade de superficie aparente.
- d) Define a intensidade luminosa emitida por unidade de volume cúbico.

35.- Se se incrementa a intensidade da luz de fondo mantendo constante a luz principal, que efecto estético se potencia?

- a) Poténciase a separación tonal do suxeito delimitando a silueta espacial.
- b) Poténciase a separación tonal do suxeito incrementando a absorción cromática.
- c) Poténciase a separación tonal do suxeito aumentando a dispersión interna.
- d) Poténciase a separación tonal do suxeito reducindo a exposición global.

36.- Durante o deseño dun sistema de iluminación para un estudo de televisión, analízase a relación de iluminación entre a luz de modelado e a luz principal. Se se busca un efecto dramático de clava baixa, como debe configurarse esta relación fotométrica en comparación cunha configuración para informativos de televisión?

- a) A relación debe presentar unha proporción numérica significativamente menor en fluxo.
- b) A relación debe presentar unha proporción numérica significativamente maior en fluxo.
- c) A relación debe presentar una proporción numérica exactamente idéntica en fluxo.
- d) A relación debe presentar unha proporción numérica matematicamente inversa en fluxo.

37.- Un vectorscopio utilízase en controis de cámara (CCU) para inspeccionar e calibrar a saturación e a fase da cor do sinal de vídeo. Se se introduce unha barra de cor estándar do 75%, onde deben situarse exactamente os vectores do sinal na pantalla do instrumento?

- a) Deben caer exactamente fóra dos recadros de tolerancia do cincuenta por cento.
- b) Deben caer exactamente fóra dos recadros de tolerancia do cen por cen.
- c) Deben caer exactamente dentro dos recadros de tolerancia do setenta e cinco por cento.
- d) Deben caer exactamente dentro dos recadros de tolerancia do vinte e cinco por cento.

38.- O asistente de exposición de tipo "Falso Color" (False Color) asigna cores discretas e arbitrarias a diferentes niveis de luminancia nun monitor de campo. Se se quere calibrar a exposición da pel humana caucasiana segundo os estándares televisivos, que cor ou rango IRE se busca xeralmente?

- a) Búscase a cor que representa a zona entre cincuenta e sesenta IRE.
- b) Búscase a cor que representa a zona entre vinte e trinta IRE.
- c) Búscase a cor que representa a zona entre oitenta e noventa IRE.
- d) Búscase a cor que representa a zona entre dez e quince IRE.

39.- Un operador de cámara activa o "Patrón Cebra" (Zebra Pattern) e configúrao ao 70% IRE para realizar unha entrevista nun set de televisión. Cal é a función técnica específica de configurar este asistente a ese nivel porcentual intermedio tan concreto?

- a) Servir de referencia visual para detectar o punto de saturación do canal.
- b) Servir de referencia visual para situar o nivel de pel do suxeito.
- c) Servir de referencia visual para calibrar o balance de negros do sensor.
- d) Servir de referencia visual para enfocar as texturas de alto contraste fino.

40.- Ao analizar o histograma dunha escena cun rango dinámico moi amplo capturada cunha curva de transferencia gamma estándar (Rec. 709), obsérvase que os píxeles se acumulan nos extremos esquerdo e dereito. Que decisión técnica debe tomarse para preservar a información?

- a) Debe activarse un algoritmo de compresión sen perdas no procesamento interno.
- b) Debe cambiarse o espazo de cor a un de menor profundidade de bits.
- c) Debe conmutarse a captura a unha curva de transferencia de tipo logarítmico.
- d) Debe aumentarse a ganancia electrónica do sensor mediante o control de ISO.

41.- Os sensores de cámaras cinematográficas dixitais e de televisión poden ter diferentes formatos (como S35, Full Frame o 2/3 de polgada). Se se monta un obxectivo de focal nun sensor de 2/3" en lugar dun Full Frame, como varía o ángulo de visión?

- a) O ángulo de visión aumenta significativamente debido ao factor de recorte menor.
- b) O ángulo de visión diminúe significativamente debido ao factor de recorte maior.
- c) O ángulo de visión permanece estritamente idéntico debido á focal fixa invariable.
- d) O ángulo de visión inverte a súa perspectiva debido á proximidade do sensor.

42.- O balance de brancos (White Balance) realiza unha compensación electrónica no procesamento do sinal do sensor. Que operación matemática interna realiza a cámara nos seus canles de cor RGB ao premer o botón de balance automático ante unha carta branca?

- a) Axusta a ganancia do canal verde ata igualar as compoñentes espectrais.
- b) Axusta a ganancia do canal azul ata saturar a luminancia do espazo.
- c) Axusta a ganancia dos canles vermello e azul ata igualalos co verde.
- d) Axusta a ganancia dos canles vermello e verde ata nominalos en cero.

43.- Ao configurar unha cámara a unha sensibilidade nominal (ISO Nativo) moi elevada mediante ganancia electrónica positiva, que alteración físico-química ou electrónica se produce de forma inmediata no sinal de vídeo capturado polo sensor?

- a) Incrementábase a relación sinal/ruído degradando o detalle nas sombras escuras.
- b) Incrementábase a relación sinal/ruído expandindo o rango dinámico das luces.
- c) Incrementábase a relación sinal/ruído comprimindo os espazos de cor logarítmicos.
- d) Incrementábase a relación sinal/ruído estabilizando a velocidade de obturación mecánica.

44.- Durante o período do Expresionismo Alemán no cinema mudo, directores de fotografía como Karl Freund revolucionaron a iluminación do espazo. Que estilo pictórico histórico influíu de xeito máis directo na configuración daquelas atmosferas de contrastes extremos e xeometrías fragmentadas?

- a) O estilo do Impresionismo francés mediante o uso de pinceladas lumínicas difusas.
- b) O estilo do Chiaroscuro barroco mediante o uso de luces e sombras contrastadas.
- c) O estilo do Neoclasicismo europeo mediante o uso de luces homoxéneas e planas.
- d) O estilo do Romanticismo inglés mediante o uso de atmosferas brumosas e cálidas.

45.- Na iluminación teatral e cinematográfica, a calidade da luz defínese principalmente a través do concepto de "dureza". Se substituímos un proxector Fresnel directo por un panel difusor de gran tamaño mantendo a mesma distancia ao suxeito, que cambio físico e visual se produce na transición da sombra?

- a) A zona de penumbra redúcese drasticamente xerando un bordo totalmente nítido.
- b) A zona de penumbra alóngase estritamente invertendo a dirección xeométrica do feixe (*haz*).
- c) A zona de penumbra ensánchase notablemente suavizando a gradación cara ao negro.
- d) A distribución de penumbra neutralízase por completo anulando a percepción da cor.

46.- Un director de fotografía coloca unha fonte de luz nun ángulo de 45° lateral e 45° vertical respecto ao eixe do rostro do actor. Como se denomina tecnicamente este estilo clásico de iluminación e que característica fisonómica xeométrica o delata no rostro?

- a) Denomínase iluminación Rembrandt e xera unha sombra en forma de bolboreta na barra.
- b) Denomínase iluminación Rembrandt e xera un triángulo de luz na meixela escura.
- c) Denomínase iluminación Rembrandt e xera unha liña divisoria estrita polo eixe nasal.
- d) Denomínase iluminación Rembrandt e xera un efecto de silueta sen detalle nas luces.

47.- A iluminación de tipo "Contraluz" sitúase detrás do suxeito apuntando cara á cámara. Cal é a función técnica e visual primordial que cumpre esta dirección específica da luz nunha produción televisiva rodada nun estudio con fondos planos?

- a) Separar o suxeito do fondo creando unha ilusión de tridimensionalidade no espazo.
- b) Corrixir as aberracións cromáticas laterais producidas polas ópticas gran angular profesionais.
- c) Reducir o rango dinámico global da escena para adaptalo á curva estándar.
- d) Estabilizar a temperatura de cor correlacionada eliminando as dominantes verdes do set.

48.- Deséxase configurar un esquema de iluminación en "Clave Baixa" para unha escena de misterio nun proxecto cinematográfico. Que características fotométricas específicas deben presentar a relación de iluminación e a distribución do histograma da imaxe?

- a) Unha relación de iluminación moi baixa e unha acumulación de píxeles nas luces.
- b) Unha relación de iluminación moi alta e unha acumulación de píxeles nas luces.
- c) Unha relación de iluminación moi baixa e unha acumulación de píxeles nas sombras.
- d) Unha relación de iluminación moi alta e unha acumulación de píxeles nas sombras.

49.- Na terminoloxía de iluminación, o estilo "Clave Alta" utilízase habitualmente en comedias e programas de televisión de entretemento. Que estratexia de distribución lumínica define de xeito estrito a este deseño técnico?

- a) O uso de luces moi duras con sombras profundas que acentúan as texturas finas.
- b) O uso de luces moi difusas con sombras moi suaves e ratios de contraste baixos.
- c) O uso de luces moi laterais con sombras alongadas que minimizan o volume xeral.
- d) O uso de luces moi cenitais con sombras verticais que saturan os tons de pel.

50.- A densidade e o tamaño dunha sombra proxectada por un obxecto dependen da relación xeométrica entre a fonte de luz, o obxecto e a superficie de proxección. Se afastamos a fonte de luz do obxecto mantendo a superficie de proxección estática, que ocorre coa nitidez do bordo da sombra?

- a) O bordo da sombra faise máis difuso debido ao incremento do ángulo sólido aparente.
- b) O bordo da sombra faise máis nítido debido á redución do ángulo sólido aparente.
- c) O bordo da sombra mantén exactamente a mesma nitidez ao non variar o obxecto.
- d) O bordo da sombra inverte a súa gradación pola refracción atmosférica da luz distante.

51.- Que relación de iluminación se busca entre os participantes e o fondo nun debate televisivo?

- a) Un fondo lixeiramente máis brillante que os participantes para reforzar a profundidade do plató.
- b) Un fondo algo máis tenue que os participantes para manter a atención nas intervencións sen perder presenza escenográfica.
- c) Un fondo igualado en intensidade cos participantes para evitar variacións perceptibles nos cambios de cámara.
- d) Un fondo notablemente máis escuro para xerar un contraste forte que aporte dramatismo ao contido.

52.- Que función adoita cumprir a luz de recheo na iluminación dunha persoa?

- a) Aumentar a exposición xeral para compensar a caída de luz no fondo.
- b) Corrixir a dominante cromática provocada pola mestura de diferentes temperaturas de cor.
- c) Acompañar a angulación da luz principal para minimizar os brillos na pel.
- d) Suavizar as sombras xeradas pola luz principal sen eliminar completamente o modelado facial.

53.- Que obxectivo ten a iluminación do público nun espectáculo musical?

- a) Manter unha exposición baixa que evite distraccións durante as actuacións principais.
- b) Achegar presenza visual sen competir cos intérpretes, reforzando a atmosfera do evento.
- c) Crear un contraste forte que destaque a relación do público cos planos xerais.
- d) Xerar unha dominante cromática que unifique a estética do escenario nos cambios de cámara.

54.- No contexto dunha produción de ficción en estudo (sitcom) que emprega un sistema de gravación multicámara, cal é o principal desafío técnico ao intentar aplicar un esquema de iluminación Butterfly para un actor ou actriz protagonista?

- a) A necesidade de empregar fontes de luz excesivamente suaves que contaminan o resto do decorado e reducen o contraste típico da comedia.
- b) A colocación dunha luz principal moi baixa que interfere co movemento das pértegas de son e pode proxectar sombras no decorado.
- c) A súa dependencia dun ángulo de cámara frontal, o que pode provocar inconsistencias de iluminación cando se utilizan cámaras laterais ou cando o actor xira a cabeza.
- d) A imposibilidade de utilizalo en multicámara debido a que require iluminación excesivamente natural e non controlada en estudo.

55.- Na iluminación dun programa informativo de corte clásico (telexornal) cun decorado de corte realista e chave alta (*high key*), cal é a estratexia óptica máis axeitada para a correcta iluminación dos presentadores na mesa co fin de evitar sombras duras na cara, garantindo o control do espazo e do *prompter*?

- a) Empregar paneis LED de luz difusa (*softlights*) ou proxectores cun alto grao de dispersión como luz clave, situados cun ángulo vertical entre 30º e 45º.
- b) Empregar proxectores tipo *Spot* LED direccionais, sen filtros, como luz clave (*key light*) instalados a 60º respecto do eixo da cámara.
- c) Prescindir por completo da luz de recheo (*fill light*) para que a iluminación sexa máis plana e uniforme.
- d) Iluminar o ciclorama do fondo cunha relación de contraste 3:1.

56.- Tes que cubrir unha noticia en directo a mediodía un caloroso día de agosto en plena praia de Riazor. O/A cámara considera que a luz do día provoca unhas sombras moi duras e desfavorecedoras. Cales das seguintes opcións consideras que sería a máis axeitada tendo en conta que sodes un equipo ENG?

- a) Colocar unha bandeira intentando cortar a luz do sol que incide directamente na cara do/a repoteiro/a.
- b) Empregar un reflector branco ou prateado.
- c) Colocar ao/á repoteiro/a en contraluz.
- d) Empregar a antorcha da cámara.

57.- Para un anuncio publicitario dun perfume de alta gama pídenche unha estética de chave baixa (low key) e un aspecto cinematográfico, cal é a estratexia de iluminación máis axeitada para modelar o produto destacando o volume sen perder o control sobre as altas luces?

- a) Empregar un esquema de iluminación cun ratio de contraste 1:1.
- b) Empregar focos de luz dura e pequenas dimensións para marcar as siluetas e polo tanto reforzar o volume.
- c) Empregar unha luz clave suave e direccional situada lateralmente ou a contraluz, pero mantendo un ratio de contraste alto e cun control do recheo.
- d) Iluminar unicamente o produto, buscando recortar todas as luces periféricas.

58.- Que identifica unha lámpada PAR?

- a) Unha lámpada con dobre filamento.
- b) Unha lámpada con dobre encapsulado.
- c) Unha lámpada con reflector incorporado.
- d) Unha lámpada fluorescente de incandescencia.

59.- Nun set de televisión realizouse un balance de brancos para traballar cunha iluminación de 5.000K. Nunha zona do decorado colócase un proxector halóxeno antigo que emite unha temperatura de cor de 2.500 K. Que valor de variación Mired debe ter o filtro corrector que coloquemos nese foco halóxeno para equilibrar a súa luz co resto do plató?

- a) -200 mired
- b) +200 mired
- c) -100 mired
- d) +100 mired

60.- Para que se empregan as bandeiras de iluminación?

- a) Para rebotar a luz.
- b) Para impedir o paso da luz.
- c) Son un complemento propio dos focos para acoutar o feixe de luz (*haz*).
- d) Son un complemento propio dos focos para cortar parte da luz.

61.- Para que serve especificamente o accesorio de iluminación denominado chimera (ou softbox) cando se monta na parte frontal dun proxector de luz dura?

- a) Para recortar e perfilar os bordos do feixe de luz (*haz*) cunha coitela interna.
- b) Para converter o feixe de luz (*haz*) dura nunha fonte de luz difusa e suave, aumentando a superficie de emisión.
- c) Para cambiar de xeito automático a temperatura de cor mediante un sistema de filtros motorizados.
- d) Para concentrar o feixe de luz (*haz*) e incrementar o alcance do foco a longas distancias.

62.- Como se denomina o accesorio metálico composto por catro palas orientables que se acopla á parte frontal dos proxectores (como os Fresnel) para limitar lateralmente a dispersión do feixe de luz (*haz*) e evitar que incida en zonas non desexadas do decorado?

- a) Recorte ou shutter.
- b) Máscara de gobo.
- c) Filtro honeycomb.
- d) Viseira ou barndoor.

63.- Cal é a función principal dun splitter DMX (ou distribuidor/amplificador de sinal) nunha instalación de iluminación espectacular?

- a) Protexer a mesa de control illando electronicamente as saídas e duplicar o sinal limpo en varias vías independentes para distribuír o cableado.
- b) Converter o sinal dixital DMX nun sinal analóxico de voltaxe para lámpadas de incandescencia.
- c) Almacenar as memorias e os efectos de movemento en caso de que a mesa principal apáguese.
- d) Reducir o consumo eléctrico dos proxectores robóticos cando están en modo de espera (standby).

64.- Cando traballamos con grupos electróxeos (grupos eléctricos de alimentación) nunha localización en exteriores, que elemento técnico garante que a frecuencia do sinal eléctrico se manteña estable a 50Hz independentemente de que acendamos ou apaguemos focos de gran potencia?

- a) O transformador de illamento.
- b) O regulador electrónico de velocidade do motor (gobernador ou governor).
- c) O interruptor diferencial magnetotérmico.
- d) O potenciómetro do dimmer.

65.- Que risco presenta unha cor moi saturada nun fondo televisivo?

- a) Unha perda de volume que reduce a profundidade sen afectar á exposición xeral.
- b) Unha resposta lumínica intensa que pode contaminar a pel e obxectos cercano en cámara.
- c) Unha dispersión suave que atenúa a presenza do fondo sen modificar a súa tonalidade.
- d) Unha sombra neutra que equilibra a composición sen influenciar na atmosfera do set.

66.- Que problema supón un fondo moi escuro en televisión?

- a) Unha saturación excesiva que domina a escena sen afectar á exposición xeral.
- b) Unha dispersión suave que atenúa o volume sen modificar a lectura do plano.
- c) Un brillo especular que resalta detalles sen alterar a atmosfera do set.
- d) Unha perda de separación que pode facer que o suxeito se funda co decorado.

67.- Que debemos ter moi en conta á hora de iluminar un interior con teitos moi baixos?

- a) Empregar luz cenital intensa para compensar a falta de altura no espazo.
- b) Evitar luminarias altas e recorrer a fontes laterais para reducir sombras indesexadas.
- c) Eliminar a luz ambiente para garantir unha exposición uniforme nos planos pechados.
- d) Manter tódalas fontes a 5600K para evitar variacións perceptibles en cámara.

68.- Que consideración esencial deberías ter presente ao iluminar un exterior nocturno?

- a) Manter tódalas fontes a 5600K para evitar variacións perceptibles nos planos.
- b) Eliminar a luz ambiente para garantir unha exposición uniforme nos planos pechados.
- c) Crear capas de luz que separen suxeito, fondo e entorno para manter profundidade visual.
- d) Empregar unicamente luz frontal para compensar a falta de iluminación natural no espazo.

69.- Que inconveniente estético ou técnico adoita xerar a presenza de pequenos obxectos de atrezzo (como bolígrafos ou tazas) sobre a mesa dun set de televisión se non se lles aplica unha iluminación de recheo ou difusión específica?

- a) Unha dispersión suave que atenúa a súa presenza sen modificar a lectura do plano xeral.
- b) Un brillo difuso que reduce a profundidade sen afectar á exposición do conxunto.
- c) Unha sombra neutra que equilibra a composición sen influenciar na atmosfera do decorado.
- d) A proxección de sombras duras e desproporcionadas que ensucian o tiro de cámara e rompen a coherencia do espazo lumínico.

70.- Un ciclorama precisa 300 lux uniformes. Tes paneis que proporcionan 500 lux a 1 metro. Se os colocas a 2 metros, cantos paneis precisas para manter 300 lux?

- a) Un panel, porque a caída real en cicloramas é menor pola reflexión do material.
- b) Dous paneis, xa que cada un alcanzará 250 lux a esa distancia.
- c) Tres paneis, porque cada un dará 125 lux e precisas sumar ata 300 lux.
- d) Catro paneis, porque a perda por distancia multiplícase pola área iluminada.

71.- Durante a montaxe do decorado, o equipo detecta que varios paneis lacados xeran reflexos directos cara a cámara. Que departamentos deben coordinarse para resolver o problema antes de continuar?

- a) Escenografía solicitará a vestuario que revise a paleta cromática para evitar conflitos co decorado.
- b) Solicitarase a escenografía e iluminación que revisen materiais, brillos e alturas para evitar reflexos en plano.
- c) Pedirase ao/á operador/a de CCU que faga os axustes necesarios.
- d) Solicitarase ao equipo de cámaras que modifiquen a posición das ópticas para manter a continuidade entre os ángulos.

72.- Para iluminar un fondo de forma homoxénea empregarei:

- a) Un panorama.
- b) Un stagebox.
- c) Un ciclorama.
- d) Un pantógrafo.

73.- Nunha produción audiovisual, quen é a persoa responsable de supervisar a montaxe e a acometida eléctrica de todas as luminarias, coordinando directamente ao equipo de eléctricos e executando as decisións artísticas do Director de Fotografía (DF)?

- a) O *Spark* ou iluminador.
- b) O *Gaffer* ou xefe de eléctricos.
- c) O Primeiro Eléctrico.
- d) O Key ou xefe de maquinistas.

74.- Durante a fase de produción e deseño técnico da iluminación mediante software CAD en 3D (como Capture ou Wysiwyg), que documento estandarizado e automatizado é imprescindible xerar para que o equipo de eléctricos poida executar a montaxe física no grid sen ambigüidades, asociando cada luminaria á súa canle de control, tipo de lente, accesorio e barra de colgue?

- a) As follas de circuito.
- b) O plano de distribución e a correspondente listaxe ou folla de *Patch* e *Plot*.
- c) A planta de iluminación escénica.
- d) O informe de voltaxes.

75.- Durante a gravación dun programa de ficción, o/a Director/a de Fotografía detecta que a luz na cara dun actor/actriz está a piques de saturar a imaxe (clipping). Con que profesional debe coordinarse para verificar os niveis nos monitores de forma de onda antes de modificar a iluminación?

- a) Co/a Rexedor/a de plató.
- b) Co/a Xefe/a de eléctricos.
- c) Co/a Técnico/a de Control de Imaxe (CCU).
- d) Co/a iluminador/a de plató.

76.- Como se denomina a fase operativa que se realiza xusto despois da montaxe física das luminarias e antes do ensaio xeral cos actores, na cal o deseñador/a de iluminación, subido a unha plataforma ou desde o chan, dirixe individualmente cada proxector cara á súa zona de acción, axustando manualmente as súas viseras, recortes e o punto de foco?

- a) Parcheo ou *Patching*.
- b) Direccionado ou *Blocking*.
- c) Focalización ou *Focusing*.
- d) Apuntamento focal ou *Pointing*.

77.- Na fase final, de finalización do programa, cal é a función principal do deseñador/a de iluminación ou director/a de fotografía, ao colaborar co/a Colorista na Etalonaxe?

- a) Filtrar a intensidade das luces sobreexpostas.
- b) Axustar sincronismos de LUTs creados para os sets.
- c) Supervisar que o tratamento cromático, o contraste e a densidade da imaxe final respecten a atmosfera e a intención artística deseñadas no plató.
- d) Facer a corrección de cor en Da Vinci Resolve.

78.- Se o departamento de Estilismo e Vestiario avisa de que o/a presentador/a vai levar unha americana cun tecido sintético de cor branca moi brillante, que decisión inmediata debe tomar o operador de mesa de iluminación nos niveis das canles frontais para evitar que a roupa "se queime" (sature a cámara)?

- a) Eliminar as luminarias principais e frontais para evitar reflexiones indesexadas.
- b) Baixar de forma independente a intensidade das luminarias que inciden nesa zona de acción ou aplicar un recheo máis suave.
- c) Activar o zebra na canle da mesa para poder regular o dimmer antes de clippear.
- d) Aplicar filtros ND aos proxectores para evitar que os feixes de luz (*haz*) reboten de xeito directo na chaqueta.

79.- Ao planificar a operativa dunha gravación nunha localización exterior real en plena noite, que tipo de alimentación eléctrica autónoma é a tecnicamente necesaria para garantir a potencia de proxectores de gran consumo sen depender da rede comercial do edificio?

- a) Unha batería auxiliar de litio tipo V-Mount de alto rendemento.
- b) Un xenerador inverter.
- c) Un xenerador convencional.
- d) Un grupo electrógeno estabilizado.

80.- Cal é o documento técnico que emprega o/a operador/a de mesa nun control de iluminación que relaciona o número de canle asignada na mesa coa dirección de inicio DMX (Address) e o modo de consumo de canles de cada luminaria?

- a) Planta de luces.
- b) Folla ou listaxe de Patch.
- c) Cue list.
- d) Folla de carga ou Hookup.

PREGUNTAS DE RESERVA

CONTESTAR A PARTIR DA CASILLA Nº 141 DO CUESTIONARIO

R1.- Segundo o establecido no artigo 90 do Convenio Colectivo da CSAG cando a empresa teña coñecemento da comisión de feitos presuntamente constitutivos de falta grave o moi grave acordarase a incoación, de ser o caso, do expediente disciplinario, a que órganos da representación do persoal debe comunicárselle a incoación?

- a) Comité Intercentros ou delegados/as de persoal.
- b) Comité de Empresa ou delegados/as de persoal.
- c) Comisión Paritaria ou delegados/as de persoal.
- d) Comité Intercentros e Comité de Empresa.

R2.- Segundo o artigo 8 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, o trato menos favorable dado a unha persoa, sexa home ou muller, por razón de solicitar, estar a desfrutar ou ter desfrutado dos seus dereitos de conciliación da vida privada, familiar e laboral:

- a) Constitúe discriminación prohibida pola Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- b) Constitúe unha situación de acoso sexual.
- c) Constitúe unha situación de acoso por razón de xénero.
- d) Constitúe unha situación de acoso familiar.

R3.- No ámbito da iluminación en estudio e rodaxe, que función ten nominalmente unha "gasa" (scrim) cando se introduce diante dun proxector?

- a) Modificar a temperatura de cor da luz sen alterar a súa intensidade.
- b) Reducir a intensidade da luz (atenuar) sen variar a súa temperatura de cor nin a súa calidade (dureza/suavidade).
- c) Desviar o eixe do feixe de luz (*haz*) nun ángulo exacto de 90º.
- d) Eliminar por completo os reflexos nos cristais e superficies metálicas do set.

R4.- Desde o punto de vista da percepción psicolóxica, que efecto xera habitualmente a exposición a luces de lonxitudes de onda longas (zona do vermello)?

- a) Unha sensación de calidez, activación psicofisiolóxica e proximidade espacial.
- b) Unha sensación de frialdade, relaxación muscular e distanciamento visual.
- c) Unha perda temporal da agudeza visual na periferia da retina.
- d) Unha alteración permanente nos mecanismos de enfoque do cristalino.

